

Que é e como funciona a Unión Europea.

Que é a Unión Europea? 

Valores e principios fundamentais da Unión Europea 

Como funciona a Unión Europea? 




Que é a Unión Europea?



A Unión Europea é unha unión económica e política que leva máis de sesenta anos traballando pola prosperidade, o benestar e a paz da cidadanía europea. A partir de seis países ou Estados membros fundadores na década de 1950, foi crescendo ata converterse nunha Unión de 27 países cunha **superficie de 4 millóns de km²** e **unha poboación de case 450 millóns de habitantes**.

O que comezou como un proxecto económico hai xa máis de 70 anos para contribuír a elevar o nivel de vida na Europa dos anos posteriores á II Guerra Mundial (1939-45) deu lugar á creación do mercado único máis grande do mundo, no que **as persoas, as mercadorías, os servizos e o diñeiro poden circular libremente**.

Unha das características distintivas da UE é que, aínda que todos eles son países soberanos e independentes, comparten parte da súa «soberanía» a fin de gañar a forza e a favor do interese común. Xa que logo, a UE se sitúa nun termo medio entre o sistema federal pleno (p.ex. EE.UU) e o débil sistema de cooperación intergubernamental das Nacións Unidas (ONU)



Fonte da Imaxe: Unión Europea (Datos e cifras da UE, 2020)

Valores e principios fundamentais da Unión Europea

A Unión Europea aséntase nunha serie de **principios fundamentais** recollidos no Tratado de Lisboa e na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea. Estes son os 6 valores fundamentais:

	IGUALDADE	Toda a cidadanía ten os mesmos dereitos ante a lei. O principio de igualdade entre mulleres e homes sustenta todas as políticas europeas e é a base da integración europea.
	LIBERDADE	Dereito para circular e residir libremente na Unión. As liberdades individuais están protexidas: o respecto da vida privada, a liberdade de pensamento, de relixión, de reunión, de expresión e de información.
	DIGNIDADE HUMANA	A dignidade humana é inviolable. Debe ser respectada e protexida. Constitúe a base dos dereitos fundamentais
	DEMOCRACIA	O funcionamento da UE fundaméntase na democracia representativa.
	ESTADO DE DEREITO	A UE baséase no Estado de Dereito, é decir, a igualdade de toda a cidadanía ante a lei e os tratados da UE, que de forma voluntaria e democrática acordan os Estados membros.
	DEREITOS HUMANOS	A Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea protexe os dereitos humanos: dereito a non ser obxecto de discriminación, o dereito á protección dos datos de carácter persoal, o dereito ao acceso á xustiza, etc.

Como funciona a Unión Europea?


 Parlamento Europeo	Representa os intereses dos e das cidadás da UE Principal instancia decisoria, xun to co Consello da UE Os 705 deputados do Parlamento, tamén coñecidos como «eurodeputados», son elixidos directamente os votantes da UE cada cinco anos	1. Poder Lexislativo: Aproba as leis e o presuposto da UE 2. Controla ao resto de institucións europeas.
 Consello da UE Tamén coñecido como «Consello»	Representa aos Estados membros da UE Principal instancia decisoria, xunto co Parlamento Composto polos ministros de todos os países da UE	1. Aproba as leis e o preuposto da UE 2. Coordina as políticas económicas e as relacións internacionais.
 Consello Europeo	Composto polos dirixentes de todos os países da UE	Define a orientación política e as prioridades da UE.
 Comisión Europea	Representa á Unión Europea Composta por 27 comisarios e a presidenta/e	Propón leis, xestiona o presuposto e fai cumprir a lei. Poderíamos dicir que é o goberνό da UE (poder executivo) Todos os países membros deben aplicar a lexislación da UE. De non ser así, a Comisión pode adoptar medidas contra eles.
 Tribunal de Xustiza	Poder Xudicial Vela por que o Dereito da Unión se cumpra e aplique da mesma maneira en todos os países da UE.	
 Banco Central Europeo	Xestiona o euro. O seu principal obxectivo é manter a estabilidade dos prezos na zona do euro.	

Como funciona a Unión Europea



Consello Europeo

Define a orientación política e as prioridades da UE
Composto polos dirixentes de todos os países da UE



Comisión Europea

“Goberno da UE”
Propón leis,
xestiona o presuposto
e fai cumprir a lei.
Representa á Unión Europea
Composta por 27 comisarios
e a presidenta/e



Parlamento Europeo

Representa os intereses dos e das cidadás da UE
Principal instancia decisoria, xun to co Consello da UE

Principais estancias decisorias
Aproban as leis e o presuposto



Consello da UE “Consello”

Representa aos Estados membros da UE
Composto polos ministros de todos os países da Ueç
Coordina as políticas económicas e as relacións internacionais.



Poder Xudicial

Vela por que o Dereito da Unión se cumpra
e aplique da mesma maneira
en todos os países da UE.

Tribunal de Xustiza



Xestiona o Euro.

O seu principal obxectivo
é manter a estabilidade dos
prezos na zona do euro.

Banco Central Europeo

Xosé F Maneiro



Composición do Parlamento Europeo (2022)

